SÁBADO, 17 DE AGOSTO DE 2019 N.º 188

# BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### SECCIÓN DE ACTAS

*Anuncio*

Resolucións da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data oito de agosto de dous mil dezanove, sobre nomeamento de persoal eventual, que textualmente din o seguinte:

"Tras ver a proposta do deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Visto que o Pleno desta Deputación Provincial en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2019, aprobou o Cadro de Persoal Eventual da Entidade; conforme ao disposto polos artigos 104 da lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local e 30 do RD 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como polo art. 12 do Estatuto Básico do Empregado Público.

Á vista dos informes que obran no expediente, procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las bases de Réxime, RESOLVA:

1º.- Nomear con carácter de persoal eventual coas condicións sinaladas no acordo plenario citado, con efectividade do día 8 de agosto de 2019, a:

- Don Javier Cerqueiro González como Asesor Nivel III, adscrito á Presidencia.

2º.-O persoal eventual nomeado cesa automaticamente, en todo caso cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que presten a súas funcións de confianza ou asesoramento".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes".

------------------

"Tras ver a proposta do deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Visto que o Pleno desta Deputación Provincial en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2019, aprobou o Cadro de Persoal Eventual da Entidade; conforme ao disposto polos artigos 104 da lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local e 30 do RD 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como polo art. 12 do Estatuto Básico do Empregado Público.

Á vista dos informes que obran no expediente, procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las bases de Réxime, RESOLVA:

1º.- Nomear con carácter de persoal eventual coas condicións sinaladas no acordo plenario citado, con efectividade do día 8 de agosto de 2019, a:

- Don Argelio Fernández Queipo como Asesor Nivel II, adscrito ao Grupo Provincial Socialista.

2º.-O persoal eventual nomeado cesa automaticamente, en todo caso cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que presten a súas funcións de confianza ou asesoramento".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes".

O que se fai público para os oportunos efectos.

Anuncio publicado en: Num BOP 188 año 2019 (17/08/2019 08:00:00)

Lugo, nove de agosto de dous mil dezanove.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **A SECRETARIA,** María Esther Álvarez Martínez.

R. 2472

# CONCELLOS

## LUGO

*Anuncio*

**DECRETO NÚMERO 19006725 DO 02/08/2019**

**Rubén Arroxo Fernández, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Mobilidade e Infraestructuras Urbanas**

No depósito municipal sito en Rúa dos Carros, Parcela E 4.I no Polígono Industrial do Ceao, nas instalacións da nave de CECHALVA, figuran depositados os vehículos que foron retirados da vía pública por atoparse en estado de abandono.

Tendo en conta o disposto no artigo 2 da Lei 11/99, de 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e outras medidas de desenvolvemento do Goberno Local, en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e en materia de augas, e o artigo 106 do Real Decreto Lexislativo 6/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

No uso das atribucións conferidas ó Alcalde no artigo 124 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local segundo a redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro de Modernización da Administración Local e normativa específica de aplicación, e por delegación conferida polo Decreto Número 19005695 do 03/07/2019 no Tenente de Alcaldesa Delegado de Área de Mobilidade e Infraestructuras Urbanas,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Requerir ós propietarios dos vehículos que se relacionan a través da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que no prazo de UN MES retiren os mesmos do depósito municipal sito en Rúa dos Carros, Parcela E 4,I do Polígono Industrial do Ceao, nas instalacións da nave de CECHALVA, previo aboamento dos gastos a que houbera lugar:

| MATRÍCULA | MARCA/MODELO |
|---|---|
| LU-5085-M | NISSAN TRADE |
| 2201-JA | CITROEN XSARA |
| LU-2920-P | CITROEN ZX |
| LU-0256-N | FORD FIESTA |
| C-7911-BJ | SEAT CORDOBA |
| A-7733-EH | HYUNDAI COUPE |
| 7831-CNK | HYUNDAI ATOS |
| M-7411-WV | FIAT BRAVA |
| VS-436846 | FORD KA |
| LU-1964-M | CITROEN AX |
| LU-1524-S | OPEL OMEGA |
| LU-1457-O | FORD COURIER |
| 4007-BCV | SEAT INCA |
| M-3221-OD | SEAT TOLEDO |

Anuncio publicado en: Num BOP 188 año 2019 (17/08/2019 08:00:00)

| | |
|---|---|
| M-2304-XX | REANULT ESPACE |
| C-9468-BZ | AUDI 100 |
| A-4725-DK | PEUGEOT 306 |
| P-8080-H | |
| 9064-BJV | RENAULT LAGUNA |
| 4494-BCH | OPEL ZAFIRA |
| VI-7932-V | MERCEDES VITO |
| C-7176-BP | RENAULT MEGANE |
| 4820-FFL | FIAT DOBLÓ |
| LU-7175-W | FIAT DUCATO |
| OU-6975-I | VOLSKWAGUEN GOLF |
| 3993-DGV | HYUNDAI ACCENT |
| LU-9993-T | FIAT PUNTO |
| C-8802-BX | ALFA ROMEO |
| BI-5462-BW | FORD ESCORD |
| LE-6401-W | OPEL ASTRA |
| C-1195-BP | TATA |
| CARECE | RENAULT LAGUNA |
| MU-9417-BL | RENAULT CLIO |
| LU-9629-P | AUDI 80 |
| 3042-CCZ | CITROEN C-15 |
| C-5341-BJ | LANCIA Y10 |
| LE-5086-T | OPEL VECTRA |
| OU-9485-V | CITROEN XSARA |
| CARECE | AUDI A4 |
| O-7564-CJ | PEUGEOT 406 |
| C-0895-CH | PEUGEOT 206 |
| C-5363-CJ | PEUGEOT |
| LU-5019-V | FORD MONDEO |
| C-3707-BK | CITROEN BERLINGO |
| MA-0820-BW | PEUGEOT 106 |

Anuncio publicado en: Num BOP 188 año 2019 (17/08/2019 08:00:00)

| | |
|---|---|
| 3308-BDV | OPEL ASTRA |
| 2485-BFT | PEUGEOT 306 |
| 9212-BMC | OPEL CORSA |
| LU-1008-N | SEAT IBIZA |
| 6510-DBZ | RENAULT MEGANE |
| 5678-BVB | CITROEN JUMPY |
| LU-5312-U | SEAT INCA |
| M-3890-WV | OPEL COMBO |
| 1739-BGM | PEUGEOT 206 |
| 3996-BMD | PEUGEOT 206 |
| 3521-BSZ | HYUNDAI COUPE |
| C-9691-AY | CITROEN XM |
| C-9224-BF | OPEL CORSA |
| O-3073-BS | FORD COURIER |
| 9777-BTG | FIAT PUNTO |
| 8991-BPT | FORD MONDEO |
| KN-1H | PORCHE MAGNUM |
| C-6934-BS | FORD FIESTA |
| M-4156-VJ | HONDA CIVIC |
| 6197-BYW | FORD MONDEO |
| O-0475-BU | PEUGEOT 205 |
| LU-0527-P | PEUGEOT 306 |
| LU-9662-U | KIA SEPHIA |
| C-3069-CJ | VOLSKWAGUEN GOLF |
| LU-3793-M | RENAULT CLIO |
| B-5389-OB | RENAULT 21 |
| 4958-BMN | FIAT MAREA |
| 3892-CCY | FIAT STYLO |
| 8060-CTF | BMW |
| PO-5557-BM | CITROEN XANTIA |
| O-0901-CF | OPEL VECTRA |

Anuncio publicado en: Num BOP 188 año 2019 (17/08/2019 08:00:00)

| | |
|---|---|
| 3943-DJB | PEUGEOT 407 |
| 7228-BJT | CITROEN XSARA |
| 7853-FDH | FORD TRANSIT |
| 5843-BCW | OPEL CORSA |
| 1303-FXY | RENAULT MEGANE |
| 0060-BWS | TATA INDICA |
| LU-9527-W | SEAT IBIZA |
| LU-4336-X | SEAT LEON |
| 7202-BPN | KIA CARNIVAL |
| C-3839-AN | RENAULT 5 |
| CARECE | AUDI A4 |
| O-9905-CB | REANULT CLIO |
| C-2992-BJ | SEAT CORDOBA |
| OU-4922-V | SAAB 93 |
| O-4994-BB | RENAULT CLIO |
| 2877-BZK | VOLSKWAGUEN GOLF |
| VTTSA12A000508451 | SUZUKI |
| C-6566-BTN | DERBI VARIANT |
| C-0816-BMV | RIEJU RR |
| C-5214-BDD | SUZUKI |
| C-4346-BMF | YAMAHA EROS |
| C-4315-BHC | YAMAHA |
| LYDNCB9068111768 | SAMADA APOLE |
| ZD4MM0200WS106814 | APRILIA |
| C-3383-BBH | APRILIA |
| C-4054-BRJ | RIEJU RS2 MATRIX |
| C-6586-BRD | CP1 POP CORN |
| C-3516-BRM | RIEJU SPICE |
| C-3434-BMK | APRILIA |

**SEGUNDO**: Advertir que transcorrido o prazo citado procederáse ó tratamento dos vehículos como residuo sólido urbano e á poxa dos mesmos podendo acordarse a sustitución do tratamento residual do vehículo pola súa adxudicación ós servizos de vixianza do tráfico.

Anuncio publicado en: Num BOP 188 año 2019 (17/08/2019 08:00:00)

**TERCEIRO:** Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos: recurso contencioso- administrativo nun prazo de DOUS MESES, contado a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo ( artigo 8 da mesma Lei), ou, a elección do demandante, ante aquel na circunscripción do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxeto actos en materia de persoal, propiedades especiais e sancións ( artigo 14 da Lei que se cita).

No obstante o anterior, en con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ante a Alcaldía no prazo de UN MES contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto. De optarse por este recurso non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que non sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do dito recurso de reposición, por silencio administrativo, o cal se producirá polo transcurso do prazo de un mes dende a data da sua interposición.

Todo isto sen prexuízo de que poida vostede interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime convinte ó seu dereito.

Así mesmo, déase traslado ás dependencias e ós servicios municipais afectados.

Cúmprase.

Lugo, 2 de agosto de 2019.- Rubén Arroxo Fernández.

R. 2459

---

*Anuncio*

Por Decreto número 19006742 do día 5 de agosto de 2019, da Tenenta de Alcalde da Área de Cultura, Turismo, e Promoción da Lingua, aprobouse, o procedemento de licitación para a **PROCEDEMENTO PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS NO RECINTO FEIRAL. PERÍODO 2019. EXPTE REF 2017-28 (4º procedemento)**

Por medio deste anuncio dase a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.**

**a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

**b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

**2.- Obxecto do contrato.**

**a)Descrición do obxecto:** O obxecto destas bases é o outorgamento de autorizacións para a instalación dos **postos de atraccións que se relacionan ao final destas Bases e identificadas nos Planos do Feiral** que se achegan durante as Festas de San Froilán 2019, que levarán aparellada a autorización para a instalación de caravanas no lugar habilitado para iso polo Concello.

**b) Prazo de duración:** As autorizacións para a instalación dos postos de atraccións terán unha duración de un ano, isto é, para as Festas de San Froilán do ano 2019.

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

**a) Tramitación:** ordinaria

**b) Procedimiento:** aberto.

**4.- Tipo de licitación:**

| LUGAR | ATRACCIÓN | METROS | PREZO |
|---|---|---|---|
| García Portela 78 | Carrusel Infantil | 15x9 mt | 335,23 €/ml |
| Rodríguez Mourelo 3 | Degustación | 4x5 | 1.300,28 € |
| Rodríguez Mourelo 10 | Habilidade | 8x4 | 2.438,00 € |
| Rodríguez Mourelo 40 | Stand de Venda | 3,4x2,1 | 911,78 € |
| Rodríguez Mourelo 44 | Stand de Venda | 3,4x2,1 | 911,78 € |
| Rodríguez Mourelo 45 | Stand de Venda | 3,4x2,1 | 911,78 € |
| Rodríguez Mourelo 50 | Stand de Venda | 3,4x2,1 | 911,78 € |
| García Portela 101 | Stand de Venda | 3x2,5 | 853,29 € |
| Camiño das Costas 132 | Mesa de Venda | 5 mt. | 81,27 €/ml |

Anuncio publicado en: Num BOP 188 año 2019 (17/08/2019 08:00:00)

**5.- Garantías:**

**a) Provisional:** Non se esixe.

**b) Definitiva:** Non se esixe.

**6. Obtención de documentación e información.**

**a) Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

**c) Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**d) Teléfonos:** (982) 29-71-43, 29-73-01, 29-71-44

**e) Telefax:** (982) 29-72-59.

**f) Dirección internet:** https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=0JkN%2B86rGW0uf4aBO%2BvQlQ%3D%3D

**g) Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos dos contratista.**

**a) Outros requisitos:** Os sinalados nas bases técnicas e administrativas.

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

**a) Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **QUINCE días hábiles** contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

**b) Documentación que hai que presentar:** A que figura nas cláusulas septima das bases administrativas.

**c) Lugar de presentación:**

**1ª Entidade**: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro, ou enviadas na forma indicada no artigo 38 da LPACAP.

**2ª Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

**3ª Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**9.- Apertura das ofertas.**

**a) Entidade:** Concello de Lugo

**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

**c) Localidade:** Lugo

**d) Data:** O acto público de apertura da documentación e oferta dos interesados celebrarase ó **segundo día hábil** posterior ó remate do prazo de presentación agás modificación publicada con antelación no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo ou noutro rexistro distinto ao do Concello de Lugo.

No caso de que a apertura e exame da documentación se realice en día distinto ó sinalado anteriormente, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

**10.- Outras informacións:** As que se recollen nas bases técnicas e administrativas.

Lugo, 7 de agosto de 2019.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Miguel Fernández Méndez

R. 2460

---

## MONDOÑEDO

*Anuncio*

**Expediente nº:** 724/2019

**Procedemento:** Contratación das obras de "Acondicionamiento e urbanización do entorno da Catedral de Nosa Señora da Asunción" por procedimiento abierto simplificado con un único criterio de adxudicación

Anuncio publicado en: Num BOP 188 año 2019 (17/08/2019 08:00:00)

**Asunto:** Delegación específica das funcións da Alcaldía como Presidente da Mesa de Contratación

**DECRETO DE ALCALDÍA**

Non podendo exercer as funcións que corresponden a esta Alcaldía na presidencia da Mesa de Contratación a celebrar en data 6 de agosto de 2019 no procedemento de adxudicación das obras de "Acondicionamento e urbanización do entorno da Catedral de Nosa Señora da Asunción", en aplicación do establecido nos artigos 43 e 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **RESOLVO:**

**Primeiro.**– Delegar no primeiro tenente de alcalde, don Manuel Ángel Otero Legide, as funcións correspondentes á Alcaldía na presidencia da citada Mesa de Contratación.

**Segundo.**– O presente decreto entrará en vigor na data de delegación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e da súa posta en coñecemento do Pleno.

O manda e asina a sra. alcaldesa ante mín a secretaria, dou fé.

Mondoñedo, 8 de agosto de 2019.- A Alcaldesa, Mª Elena Candia López .- A secretaria, Ana I. Candame Areosa.

R. 2463

---

## MURAS

*Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2018, sométese a información pública, xunto cos seus xustificantes e o informe da Comisión Especial de Contas, durante quince días contados a partir da publicación deste edito no Boletín Oficial da Provincia. Neste prazo e oito máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, as cales serán examinadas pola devandita Comisión que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe, antes de sometelas ao Pleno da Corporación, para que poidan ser examinandas e – no seu caso- aprobadas, de conformidade co disposto no artigo 212, números 2 e 3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Muras, 7 DE AGOSTO DE 2019.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2461

---

## PORTOMARÍN

*Anuncio*

**CONTA XERAL ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2.018.**

Rendida a conta xeral para o exercicio de 2.018 e dictaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de 09 de agosto de 2.019, a mesma, xunto co ditame e documentos que a xustifican exponse ao público na Secretaría-Intervención municipal, por un prazo de 15 días hábiles que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales e oito días máis os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Portomarín, 09 de agosto de 2019.- O Alcalde en funcións, Pablo Rivas Folgueira.

R. 2470

---

*Anuncio*

**EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS.**

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o expediente de modificación de créditos dentro do vixente orzamento municipal, en cumprimento do disposto no art. 177 en relación co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, exponse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación. De non presentarse estas, considérase definitivamente aprobado o expediente

Portomarín, 09 de agosto de 2019.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 2471

Anuncio publicado en: Num BOP 188 año 2019 (17/08/2019 08:00:00)

# TRABADA

*Anuncio*

**ASUNTO: NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE**.

Que na sesión Plenaria de organización do Concello de Trabada de data 31 de xullo de 2019 se deu coñecemento da Resolución de Alcaldía 161/2019 que establece:

*"En virtude do establecido nos artigos 21 e 23 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no 62 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, do Réxime Local de Galicia, así como nos artigos 47 e 48 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidade locais aprobado por Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, a designación e nomeamento dos Tenentes de Alcalde é competencia exclusiva e indelegable do Sr. Alcalde;*

*En virtude do establecido nas disposicións referenciadas no apartado anterior con data de hoxe,* ***RESOLVO:***

***PRIMEIRO.-*** *Nomear como Tenentes de Alcalde do Concello de Trabada, con efectos do día de hoxe, ás concelleiras seguintes:*

*- Primeira Tenente de Alcalde: Dona Julia María Barcia Rodríguez.*

*- Segunda Tenente de Alcalde: Dona Guadalupe Rego Rodríguez.*

*- Terceira Tenente de Alcalde: Dona Suevia Reimonde Gasalla.*

***SEGUNDO.-*** *Establecer que no caso de ausencia, vacante ou enfermidade desta Alcaldía, as atribucións e competencias que ten asignadas a mesma serán realizadas pola primeira Tenente de Alcalde Dona Julia María Barcia Rodríguez e no seu defecto polas seguintes Tenentes de Alcalde.*

***TERCEIRO.-*** *Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ós efectos oportunos.*

***CUARTO.-*** *Dar conta o Pleno do Concello desta Resolución na sesión extraordinaria de Organización que se convoque en cumprimento do previsto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.-*

*En Trabada, o asina a Sra. Alcaldesa o día 3 de xullo de 2019;"*

O que se publica ós efectos oportunos.

Mándao e asínao a Sra. Alcaldesa en Trabada o día 8 de agosto de 2019, Mayra García Bermúdez.

---

**ASUNTO: DELEGACIÓN AREAS DE GOBERNO EN CONCELLEIROS.**

Que na sesión Plenaria de organización do Concello de Trabada de data 31 de xullo de 2019 se deu coñecemento da Resolución de Alcaldía 163/2019 que establece:

***"RESOLUCION DA ALCALDIA Nº 163/2019, DE 3 DE XULLO.***

*En uso das facultades conferidas polos artigos 43 a 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , polo artigo 21 da lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, RESOLVO :*

***PRIMEIRO.-*** *Aprobar as seguintes delegacions xenéricas de servizos, que abarcan tanto a facultade de dirixir os mesmos como a de xestinalos en xeral, excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, a favor dos seguintes concelleiros electos:*

- *Don Pablo González Lastra, concelleiro delegado en Medio Rural.*
- *Dona Rosa María Pérez Prieto, Concelleira delegada en Patrimonio.*
- *Dona Julia María Barcia Fernández, Concelleira Delegada da Área de Educación, Igualdade e Desenvolvemento Local.*
- *Don Rubén García Freije, Concelleiro Delegado de Deporte e Saúde.*
- *Dona Suevia Reimonde Gasalla, concelleira delegada en Turismo.*
- *Dona Guadalupe Rego Rodríguez, concelleira delegada en Cultura.*

Anuncio publicado en: Num BOP 188 año 2019 (17/08/2019 08:00:00)

*A Alcaldía resérvase o resto das Áreas, e en especial as de Economía, Emprego, Servicios Sociais, Infraestructuras e Urbanismo.*

***SEGUNDO.-** Do presente Decreto daráse conta ao Concello en Pleno na primeira sesión que se celebre, debéndose publicar no Boletín Oficial da Provincia.*

***TERCEIRO.-** Notificar o presente decreto aos interesados aos efectos previstos no artigo 114 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , que literalmente di: "La delegación de atribuciones requerirá, para ser eficaz, su aceptación por parte del Delegado. La delegación se entenderá aceptada tácitamente si en el término de tres días hábiles contados desde la notificación del acuerdo el miembro u órgano destinatario de la delegación no hace manifestación expresa ante el órgano delegante de que no acepta la delegación;"*

O que se publica ós efectos oportunos.

Mándao e asínao a Sra. Alcaldesa en Trabada o día 8 de agosto de 2019, Mayra García Bermúdez.

---

**ASUNTO: CONSTITUCIÓN GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.**

Que na sesión Plenaria de organización do Concello de Trabada de data 31 de xullo de 2019 se deu coñecemento da constitución e composición dos grupos políticos municipais:

*"De seguido dase conta o Pleno Municipal da constitución dos distintos grupos políticos, según sendas comunicacións que tiveron rexistro de entrada o día 21 de xuño efectuada polos distintos partidos políticos que acadaron representación nas últimas eleccións municipais, coa seguinte composición:*

**** Grupo de PSG-PSOE:***

*Dona Mayra García Bermúdez*

*Dona Julia María Barcia Fernández.*

*Dona Guadalupe Rego Rodríguez*

*Dona Suevia Reimonde Gasalla*

*Don Rubén García Freije*

*Dona Rosa María Pérez Prieto*

*Don Pablo González Lastra.*

**** Grupo do Partido Popular:***

*D. José María Fernández Vázquez.*

*Dona María Encarnación Amigo Díaz*

*Asimesmo, no escrito de constitución dos grupos municipais se establecen os seguintes portavoces:*

**** Grupo de PSG-PSOE:***

*- Portavoz: Dona Mayra García Bermúdez.*

*- Suplentes: Dona Julia María Barcia Fernández.*

**** Grupo do Partido Popular:***

*- Portavoz: D. José María Fernández Vázquez.*

*- Suplente: Dona María Encarnación Amigo Díaz."*

O que se publica ós efectos oportunos.

Mándao e asínao a Sra. Alcaldesa en Trabada o día 8 de agosto de 2019, Mayra García Bermúdez.

---

Anuncio publicado en: Num BOP 188 año 2019 (17/08/2019 08:00:00)

**ASUNTO: PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS.**

Que na sesión Plenaria de organización do Concello de Trabada de data 31 de xullo de 2019 se tomou o seguinte acordo:

*"( ... ) Ante a ausencia de debate, o Pleno do Concello de Trabada por unanimidade dos membros presentes na sesión, é dicir, por 8 votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:*

***PRIMEIRO.*** *Establecer que as sesións ordinarias do Pleno da Corporación, terán lugar* ***o segundo mércores dos meses impares as 14:00 horas****, no salón de sesións do Concello, ou lugar habilitado ó efecto.*

***SEGUNDO.*** *Facultar á Señora alcaldesa para pospoñer ou avanzar a celebración das sesións ordinarias do Pleno dentro do periodo de 7 días, é decir, dende o mercores anterior ata o mércores posterior, da sua celebración cando o día fixado sexa festivo ou se atope incluído nun período vacacional, ou de asuntos propios do funcionario habilitado de carácter estatal, ou quen legalmente o sustitúa.*

***TERCEIRO.*** *O Pleno celebrará as sesións extraordinarias cando así o decida a Alcaldesa-Presidenta ou o solicite a cuarta parte, polo menos do número legal de membros da corporación de conformidade coa regulación contida no artigo 46 da Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

***CUARTO.*** *O Pleno celebrará as sesións extraordinarias-urxentes cando así o decida a Alcaldesa-Presidente e cando a urxencia do asunto ou asuntos que se van a tratar non permita covoca-la sesión coa antelación mínima de dous días hábiles esixidas polo artigo 46 da Lei de bases do réxime local."*

O que se publica ós efectos oportunos.

Mándao e asínao a Sra. Alcaldesa en Trabada o día 8 de agosto de 2019, Mayra García Bermúdez.

---

**ASUNTO: CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Que na sesión Plenaria de organización do Concello de Trabada de data 31 de xullo de 2019 se tomou o seguinte acordo:

*"( ... ) Ante a ausencia de debate, o Pleno do Concello de Trabada, por unanimidade dos membros presentes na sesión, é dicir, por 8 votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:*

***PRIMEIRO.*** *Crear a Xunta de Goberno Local, que terá as funcións de asesoramento a Alcaldía, así como as competencias que na mesma poida delegar tanto esta Alcaldía como o Pleno Municipal.-*

***SEGUNDO.*** *No suposto de que o Pleno Municipal acorde a creación da mentada Xunta de Goberno Local a mesma estaría integrada como Presidente pola Sra. Alcaldesa do Concello de Trabada, Dona Mayra García Bermúdez e polos seguintes Tenentes de Alcalde:*

- *Dona Julia María Barcia Rodríguez.*
- *Dona Guadalupe Rego Rodríguez.*
- *Dona Suevia Reimonde Gasalla.*

***TERCEIRO.*** *A Xunta de Goberno local celebrará sesións ordinarias o ultimo mércores de cada mes as 14:00 horas, e extraordinarias cando sexa necesario*

***CUARTO.*** *Publicar o presente acordo no BOP da Lugo ós efectos oportunos."*

O que se publica ós efectos oportunos.

Mándao e asínao a Sra. Alcaldesa en Trabada o día 8 de agosto de 2019, Mayra García Bermúdez.

---

**ASUNTO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

En cumprimento do disposto polo artigo 9.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e artigo 51.2 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, publicase que o Pleno da Corporación, na sesión celebrada en data 31 de xullo de 2019 adptou o seguinte acordo:

*"( ... ) Ante a ausencia de debate, o Pleno do Concello de Trabada, por unanimidade dos membros presentes na sesión, é dicir, por 8 votos a favor, adopta o seguinte* ***ACORDO:***

Anuncio publicado en: Num BOP 188 año 2019 (17/08/2019 08:00:00)

***PRIMEIRO.*** *Delegar na Xunta de Goberno Local, de conformidade co art. 22.4 da LRBRL, no que se regula a delegación de competencias do Pleno, as seguintes atribucións:*

*- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.*

